

Os gañadores do 'Ánxel Fole' salientaron a figura do escritor

Os contos premiados no certame municipal foron presentados nun libro

JAUREGUIZAR ■ LUGO

■ Tres dos catro gañadores do VIII Certame de Narración Curta Ánxel Fole cadraron en sinalar a importancia do escritor ao que se lle dedica o galardón, algo no que tamén incidiron o alcalde, José López Orozco, e o subdelegado do Goberno, Jesús Otero.

Todos eles presentaron onte, na compañía da concelleira de Cultura, Concepción Burgo, o libro que reúne os relatos gañadores e finalistas da edición do ano pasado nas categorías de galego e español.

O alcalde sinalou o dobre obxectivo do certame, que é fornecer aos escritores "dun certame no que participar e tamén homenaxear a Ánxel Fole". A súa argumentación foi remarcada polo subdelegado do Goberno, quen defendeu que "unha palabra vale máis que mil imaxes".

O vencedor en galego, Iván García Campos, afirmou que Fole "é un referente para os que escribimos en galego". Rozados considera unha honra "ser recoñecido nun galardón que leva o nome dun dos mellores narradores do rural, que escasean cada vez máis".

O zamorano Javier Pérez, que gañou en castelán, trazou un paralelismo co escritor lugués no senso de que "él era un escritor rural y yo también procedo del campo".

Relatos

Concepción Burgo indicou que "eu animo á xente a ler os catro relatos, porque nesta edición son realmente bos".

A seguir, defendeu os galardóns promovidos por institucións públicas "aínda que haxa moitos que non crean neles. Eu deféndoo porque as persoas



SANTY LÓPEZ

De esquerda a dereita, Rozados, Otero, Orozco, Burgo, Campos e Javier Pérez, onte no Concello

A DESTACAR

O alcalde afirma que o premio literario ten o valor de servir como homenaxe a Fole

García Campos salientou que "é un referente para os que escribimos en galego"

Concepción Burgo dixo que a edición deste ano ten unha participación máis elevada

que están empezando a escribir deben ter medios para poder saír e que non quede todo en mans das grandes editoriais".

Burgo salientou que o *Ánxel Fole* "ten cada vez máis participantes, e iso foi o que aconteceu na edición deste ano, que xa está avaliando o xurado".

López Orozco incidiu en que

"a contía do premio non é o importante, o importante é que se publiquen os contos e que saian os libros".

García Campos recorreu ao refrán de que "un bo vidro fai un bo viño e este libro ten unha edición moi boa, independente de que os contos tamén sexan bos", apuntou, loubando o tra-

ballo de Darío Xohán Cabana. Nese punto, houbo un acordo manifesto de todos os presentes.

Os contos que gañaron o concurso incluídos no volume son *O legado turbulento dos xemelgos Salinas*, de García Campos, na categoría de galego, e *Lo que hay que saber* de Javier Pérez, na de castelán.